

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 6 de xuño de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento das parcela matriz sita en Carballido-Veral, parcela 369, polígono 330; para parcelamento das parcelas matrices 136 e 134 do polígono 529 sitas en Barreiro, número 4, Tolda de Castela; para construción de edificio na rúa do Franco esquina rúa Álamo; para consolidación de parede medianeira, así como recebado e pintura de fachada (incluíndo selado de gretas), no edificio situado na rúa Catedral, número 16; para construción dun curral doméstico para gardar animais domésticos na Airexe-Muxa de Arriba, parroquia de Santa María de Muxa; para reforzo de estrutura e execución de cuberta de planta baixa no edificio existente situado na avda. da Coruña, número 165 e para cambio de uso de planta alta de vivenda a comercial vinculada á planta baixa con escaleira interior xa existente e reformas interiores no edificio situado na rúa Conde Pallares, número 14.

Tamén se acorda a denegación das seguintes licenzas: para a construción de edificio na rúa da Oliveira, número 40; para a construción de edificio na rúa da Oliveira, número 42 e para a construción de edificio na rúa da Oliveira, número 44.

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a encomenda de xestión a Evislusa da elaboración dos proxectos de expropiación do terreos situados na ronda do Carme a que fai referencia o parágrafo terceiro do acordo do Excmo. Concello Pleno do 8 de novembro de 2010. (Evislusa proposta encargo proxecto expropiación).

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga polo prazo de seis meses, contados dende o 27 de maio de 2012, do contrato administrativo asinado coa adxudicataria da contratación de dez prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna.

Así mesmo, acordase a prórroga polo prazo dun ano, contado dende o 27 de maio de 2012, do contrato administrativo asinado coa adxudicataria da prestación do servizo de gardería e comedor nas escolas infantís San Fiz e Piringalla.

Do mesmo xeito, acórdase a prórroga polo prazo dun ano, contado dende o 24 de maio de 2012, do contrato administrativo asinado coa adxudicataria da prestación do servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada), así como da vixilancia da saúde.

Acórdase a adxudicación definitiva na contratación de vintecinco prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogos infantís existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación dun servizo de control da calidade da auga de consumo humano do abastecemento de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar a solicitude na que insta a devolución do importe ingresado mediante a liquidación número 5170991 (577/2011), en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 33.673,65 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio para persoas maiores no núcleo rural tradicional de Conturiz+San Amaro+Castro, parroquia de Santo André de Castro.

Acórdase a aprobación do proxecto de implantación e ordenación do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a aprobación da modificación das cláusulas 2ª e 6ª do “Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e a Empresa Autobuses Urbanos Lugo, S.A., para a determinación das condicións de compensación tarifas e obrigas asociadas ás mesmas na área de transporte metropolitano de Lugo.
- Acórdase a delegación de competencia no Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coas contratacións relativas ás festas de San Froilán 2012.

Lugo, 14 de xuño de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García